

Lexislación específica

ORDE do 16 de setembro de 1998 (B.O.E. 29-09-1998) para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.

Unha das prioridades da política laboral consiste en fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no acceso ao emprego. Na actualidade, máis da metade das persoas demandantes de emprego do noso país son mulleres das cales só o 38 por 100 subscriben contratos de traballo e a maior parte no sector servizos.

Para eliminar a segmentación existente no acceso ás diferentes ocupacións, a Lei 64/1997, do 26 de decembro, pola que se regulan incentivos en materia de Seguridade Social e de carácter fiscal para o fomento da contratación indefinida e a estabilidade no emprego, establece no seu artigo 3 unha bonificación do 60 por 100 da cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns nos novos contratos a mulleres para prestar servizos en profesións ou oficios nos que o colectivo feminino estivese subrepresentado, así como nas transformacións en indefinidos de contratos temporais e de duración determinada.

Neste sentido, a disposición transitoria segunda da citada Lei, autoriza o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para determinar as profesións ou oficios nos que se considera que a muller está subrepresentada, que anteriormente viñan recollidas no anexo III da Orde do 6 de agosto de 1992 xa derogada.

Tamén, tendo en conta as variacións producidas no mercado de traballo, a súa incidencia no emprego da muller e, por outra parte, a modificación substancial da Clasificación Nacional de Ocupacións aprobada por Real Decreto 917/1994, do 6 de maio, faise necesario elaborar un novo anexo acorde con estas circunstancias.

Coa finalidade de dar cumprimento á previsión contida na precitada Lei 64/1997, do 26 de decembro, e, á súa vez, favorecer a aplicación dos incentivos contemplados nesta, procédese a establecer a relación de profesións ou oficios nos que se considera que a muller está subrepresentada. Con iso lévanse a cabo, igualmente, as actuacións previstas sobre esta materia no Plan de Acción para o Emprego do Reino de España de 1998 e no III Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, aprobado por Consello de Ministros do 7 de marzo de 1997.

Na súa virtude e en uso da autorización contida na disposición transitoria segunda da Lei 64/1997, do 26 de decembro, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único.

Para os efectos do disposto no artigo 3 da Lei 64/1997, do 26 de decembro, considérase que as mulleres están subrepresentadas en todas as profesións ou oficios da Clasificación Nacional de Ocupacións, agás aqueles que figuran relacionados no anexo desta Orde.

Disposición derogatoria.

Queda derogado o anexo III da Orde do 6 de agosto de 1992 por a que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas para o fomento da contratación indefinida establecida na Lei 22/1992, do 30 de xullo, de Medidas Urxentes sobre Fomento do Emprego e Protección por Desemprego.

Disposición final primeira.

Facúltase á Secretaría Xeneral de Asuntos Sociais e ao Secretario xeral de Emprego para ditar as instrucións necesarias para a execución do disposto na presente disposición.

Disposición final segunda.

A presente Orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Madrid, 16 de setembro de 1998.

AREAS BOCANEGRA

ANEXO

Códigos de ocupacións excluídas de bonificacións ao amparo do disposto nesta Orde (segundo clasificación nacional de ocupacións CNO-94, aprobada por Real Decreto 917/1994, do 6 de maio [«Boletín Oficial do Estado» do 27])

2111 Biólogas, Botánicas, Zoólogas e asimiladas.

2112 Patólogas, Farmacólogas e asimiladas.

212 Médicas e Odontólogas.

213 Veterinarias.

214 Farmacéuticas.

221 Profesoras de Universidades e outros centros de Ensino Superior.

222 Profesoras de Ensino Secundario.

223 Outras profesionais do ensino.

23 Profesionais do Dereito.

243 Sociólogas, Historiadoras, Filósofas, Filólogas, Psicólogas e asimiladas.

252 Arquiteiras, Bibliotecarias e profesionais asimiladas.

2711 Profesionais de nivel medio en Ciencias Biolóxicas e asimiladas.

272 Enfermeiras.

281 Profesoras de Ensino Primario e Infantil.

282 Profesoras de Educación especial.

283 Profesorado Técnico de Formación Profesional.

2912 Graduadas Sociais e asimiladas.

292 Axudantes de arquivos, bibliotecas e asimiladas.

293 Diplomadas en Traballo Social.

31 Técnicas das Ciencias Naturais e da Sanidade.

321 Técnicas en Educación Infantil e Educación Especial.

3314 Axentes de viaxe.

3411 Secretarias Administrativas e asimiladas.

3412 Profesionais de apoio de servizos xurídicos e servizos similares.

342 Profesionais de carácter administrativo de aduanas, tributos e asimilados que traballan en tarefas propias de Administracións públicas.

353 Profesionais de apoio de Promoción social.

3541 Decoradoras e Diseñadoras Artísticas.

4 Empregadas de tipo administrativo.

501 Cociñeiras e outras preparadoras de comidas.

502 Camareiras e asimiladas.

511 Auxiliares de Enfermaría e asimiladas.

512 Traballadoras que se dedican ao coidado de persoas e asimiladas (agás Auxiliares de Enfermaría).

513 Perruqueiro, especialistas en tratamento de beleza e traballadoras asimiladas.

5141 Azafatas ou Camareiras de avión e barco.

5143 Guías e Azafatas de terra.

515 Mordomas, ecónomas e asimiladas.

519 Outras traballadoras de servizos persoais.

531 Modelos de moda, arte e publicidade.

533 Dependentas e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos e mercados.

774 Artesás da madeira, de téxtiles, do coiro e materiais similares.

78 Traballadoras da industria da alimentación, bebidas e tabaco.

793 Traballadoras da industria téxtil, a confección e asimiladas.

7942 Zapateiras, marroquineiras e guantería de pel.

8361 Operadoras de máquinas de preparar fibras, fiar e debandar.

8362 Operadoras de teares e outras máquinas tecedoras.

8363 Operadoras de máquinas de coser e bordar.

8364 Operadoras de máquinas de branquexar, tinguir, limpar e tintar.

8366 Operadoras de máquinas para a fabricación do calzado, marroquinería e guantería de pel.

8369 Outras Operadoras de máquinas para fabricar produtos téxtiles e artigos de pel e coiro.

837 Operadoras de máquinas para elaborar produtos alimenticios, bebidas e tabaco.

90 Traballadoras non cualificadas no comercio.

91 Empregadas domésticas e outro persoal de limpeza de interior de edificios.